


Na madrugada do 19 de Maio morria nun hospital de Vigo Valentin Paz Andrade, aqueixado desde hai meses dunha enfermidade que o tiña alonxado de toda actividade pública. Unha das figuras da Galiza máis representativas do século morria con

Paz Andrade. Político, xornalista, intelectual, empresário, criador literario, coñecedor de primeira man, como analista e como protagonista, dos sucesos políticos da Galiza en todo este século, Paz Andrade

deixa tras de si un ronsel profundo de traballo e entrega ao país, que os anos e os historiadores serán quen de valorar na súa xusta medida. A entrevista que agora publicamos foi realizada inmediatamente antes do agravamento da súa enfermidade.

Derradeira entrevista antes do agravamento da súa enfermidade

VALENTIN PAZ ANDRADE UN CORAZÓN SEN SOSPEITA



Xan Carballea

O título dun dos primeiros libros de Valentin Paz Andrade serve como imaxe de marca para o xornalista e o político: *Galicia como tarefa*. O país como proxecto común en

Podería explicarnos o proceso de xestión do diario "Galicia"? Empecéi facendo xornalismo moi cedo, pois xa cuns amigos cos que estudaba en Pontevedra, estando no sexto ano, sacamos un semanario que se titulaba "Alma Galega", estimulados por un home que era administrador dun outro xornal que se chamaba "La Correspondencia Galega". Aquilo foi unha aventura de mocidade que só durou uns meses. De todas as maneiras, despois do servizo militar, que fixen como soldado de cuota, veu a catástrofe de Annual e mobilizáronnos a varios reemprazos e mandáronnos para África. Saimos nun barco de Vigo, o "Guillén Sorolla", e fixéronnos unha despedida espectacular, fantástica, que non se esquece nunca. En África empecéi a facer unhas crónicas que mandaba a "El Noroeste" de A Coruña, porque cando ocorria isto xa pertencía

liberdade e como desafío dos tempos é o que alenta nas páxinas do diario *Galicia* (1922-1926), primeira experiencia de xornalismo ético, a contraíto das cabeceiras mercantis e

á Irmandade da Fala, xa era amigo de Castelao e estaba preocupado por esa idea política que foi a única idea orixinal que naqueles anos meus empezou a circular a imponse. Mandei esas crónicas nun tempo en que todo o mundo que podía, máis ou menos habilmente, buscaba a maneira de virse para a Península. Nós conseguimos partir e pasei unha tempada en Cartaxena, desde onde, despois dun permiso, collimos un tren para Madrid, onde eu nunca estivera. Cando chegamos collimos os xornais e o ABC traía en titulares bastantes grandes "Todos los permisos de los soldados de Africa revocados. Deben presentarse inmediatamente...". Non fixen caso e viñenme para Pontevedra, con Cabanillas que me visitara na pensión e acompañoume a facer varias visitas na capital. En Pontevedra, ao pouco tempo chegu

comerciais. Un país como proxecto de progreso que está na fundación do Partido Galeguista e na transición daquela vivencia política fundamental por riba dos anos

**TEMOS UNHA
AUTONOMIA
MEDIATIZADA. E UNHA
AUTONOMIA DE
COEXISTENCIA CO
CENTRALISMO
A NENGUN
NACIONALISTA LLE
PODE SATISFACER**

de silencio e ditadura. Valentin Paz Andrade fai memoria do *Galicia* sesenta anos despois de que desaparecese, desde a perspectiva do xornalismo actual, e conta aspectos

unha citación para se presentar en Vigo e regresar a África. O xefe militar era Viondi, un concuñado de Castelao, quen nos mandou para A Coruña, "que vos calificquen en Coruña por se estades ou non aptos para voltar alá". Na Coruña houbo un médico que, supoño que por simpatía persoal, pois era un home máis ben duro, me axudou. Polas crónicas que publicara no "Noroste" despertara certas simpatías difusas e unha delas debía ser a deste home, Búa Carou, cun certo sentimento galeguista—era amigo de Vilar Ponte. Estaba esperando ditame definitivo, pois o inicial era de "corazón sospechoso", o que indicaba un período de observación de dúas ou tres semanas. Vilar Ponte e García Acuña—daquela director de "El Noroste"—que publicou varios libros e tiña unha cultura amplísima e escribía estupendamente, visitáronme no Hospital. Estando despois na re-

descoñecidos do nacionalismo durante os anos da posguerra, como, por exemplo, a actitude de Castelao en relación á desaparición do Partido Galeguista.

dacción do periódico presentáronme a un home que era cónsul de Chile na Coruña e tiña o propósito de fundar un xornal en Vigo. Alí nos vimos na sala de redacción, na que había unha caricatura de Castelao en forma de mural, esa onde pon ao demo cunha lupa ollando e preguntando "Este é o mundo que fixo Deus? ... Son detalles interesantes de galeguismo prematuro. O caso era que aquel cónsul tiña poucos cartos, non creio que chegasen a 50.000 pesetas, e nun principio puxenme de acordo con el. Falei co meu tío, Xoán Bautista Andrade, con Castelao e con Lousada Diéguez. "Que vos parece esta oportunidade?". A min parecía unha posibilidade coa que non contábamos e que había que aproveitar e eles estiveron de acordo. Viñenme a Vigo, falei con Lustres Rivas, que era redactor de "La Concordia" e estaba

(pasa á páxina seguinte)

(vem da página anterior)

mei mal pagado aínda que era un grande xornalista. Reunímonos co promotor no Hotel Continental e comezamos a perfilar a empresa. Plantexouse o do título e dixen o de "Atlántico". Castela asentiu e tamén os outros, pero o de Chile non dicía nada e preguntámoslle: "A min paréceme ben, pero... permitiríame recordarlles que eu como chileno... son do Pacífico". Todos unánimemente decidimos que non valia a proposta e como levaba na recámara o de "Galicia" propúxeno e ficou.

Fuxémosnos a traballar coa meta de saír o 25 de Xullo, o día de Galicia. El tiña un compromiso verbal con outra persoa para dirixir o diario, pois eu non tiña os 23 anos que se precisaban legalmente. Era un licenciado en Dereito que non era galego, e era un quiste extraña para o xornal. O caso é que uns días antes da saída o señor Cádiz Vargas, o propietario, chamoume e mostroume o artigo de fondo que entregara, para o primeiro número, o director. Colino, lino e surxiu a primeira batalla. Dixenlle: "eu ou fago un xornal liberal, independente e galeguista ou non fago nada, pois se o xornal non ven servir ao país dunha maneira total eu non me meto nesta aventura e tampouco os amigos que eu aporé" (Villar Ponte, Castela...). "que supoño que me seguirán". Deume a razón e díxome que ese artigo non iría e ofrecéume facelo a min. Elaboreino cunha expresa profesión de fe galeguista, de ser independente, de vir loitar contra a incompreensión que se tiña coa Galiza, o caciquismo que dominaba... O propósito para director dimitiu, claro, Cádiz Vargas díxome que tiña que se lo eu a pasei a Lustrés Rivas a redactor-xefe.

Aos dous ou tres días veu Basilio Álvarez desde Ourense para felicitarnos; entrou dando voces na redacción e abrazándonos a todos e a causa foi bastante ben para aquel tempo, para ser as primeiras daquel tempo de monarquía, liberal máis ou menos. Sobre o 13 de Setembro do ano seguinte entramos no calvario do "Galicia", ou sexa que case non tivemos nen un ano de liberdade. Veu a ditadura, chamáronme ao goberno militar, ameazáronme o xeneral con que se seguía criticando a política da ditadura "acabarían comigo".

Isó quer dicir que na Galiza, o "Galicia" era o único xornal non só máis á esquerda, senón globalmente o único de inspiración galeguista no meio de xornais comerciais...

Claro, claro. Eran xornais comerciais, o "Faro", a "Voz de Galicia", que se parecía moito ao "Faro", que era arcaico, e daquela o contraste era moi aberto.

O caso é que na primeira embestida puxéronme dúas multas de 250 pesetas cada unha ou arresto substitutorio de quince días. Tiven que sacrificarme á popularidade do periódico e optei por non pagar e ir á cadea. Tiña un prazo de 48 horas para saír das multas. Visíteme en Pontevedra aos meus familiares para comunicarlle a miña decisión. Estiven cun meu tío, que foi quen me predicou máis rebeldía, e nun momento colleu o diñeiro para pagarme as multas e díxennlle "era boa, que falase de rebeldía e agora collese os cartos". Ao día seguinte, non sei como corren as cousas, que se encheu a rúa do Príncipe de vixente á hora que tiña que ingresar na prisión. Algunha que choraba, que non me coñecía de nada, empecé a recibir ramos de flores, visitas... algo extraordinario até o punto de que pasou o seguinte: "El Pueblo Gallego" (EPG) estaba claramente contra a miña actitude, e de redactor xefe estaba Paco Luis Bernárdez. Ao día seguinte de entrar eu na cadea tirou unha follina dicindo "como galeguista e xornalista estou solidarizado coa actitude de Paz Andrade e expreso a miña simpatía... e desde este momento renuncio a ser redactor do EPG". Foi metese na cadea comigo até que o botaron pola noite.

O director de EPG era Fernández Mato, e era redactor xefe meu Blanco Torres, pois Lustrés Rivas marchara para Buenos Aires coa Axencia Reboreda. Houbo un litro entre eles dous, mandáronse os padriños e concertaron un duelo... que aínda os había! Todo aquilo naquel Vigo pequeno armaba unhas tremolinas de medo e fería moito a imaxinación popular, e non sei como —un dos padriños era Arbones, un médico que foi deputado socialista na República e o fusilárono no 36 pero o duelo non se celebrou.

Entre as mostras solidarias estivo a dos colaboradores dos traxiños, que se empeñaron en pagar as multas e iniciaron unha subscripción a dez céntimos que lle pedían a cada pasaxeiro, pero díxennles que non nos trouxesen até o derradeiro día, e despois entregámoslas ao director da prisión para cubrir as necesidades dos presos.

Este foi o primeiro episodio do "Galicia", da súa persecución, o primeiro resonante e de certa transcendencia popular. Andando o tempo veu un Gobernador a Pontevedra, Rodríguez Villamil, que empezou a perseguirnos e que un bon día ditou unha suspensión indefinida. Cando chegou o oficio coa decisión eu fíquei desconcertado. Non se me ocorreu nada mellor que marchar a Madrid. Era Decembro, e cun frío de medo. Sen saber a que porta

chamar metínme no Café Regina, que era moi dos políticos e escritores galegos. Entre e levántame dous berrando "Valentín, Valentín!!" Eran amigos meus: Pepe Palacios, irmán do arquitecto, e o Conde de Castelo. "Que che pasa home?", preguntáron. "Que me vai pasar, que me suspendeiron o periódico e non sei que facer". E dínome os dous a un tempo "iso arranzácho nos e agora mesmo". Botamos a andar por Alcalá e eu ía sen saber que pensar, pero deixei-me ir. Subímonos a Gobernação por unha escaleira húmida de pedra, e chegamos ao antedespacho do Ministro, que era Martínez Anido. Saíu un secretario e díxonlle "mira, vimos a ver a Don Severiano porque a este amigo noso o gobernador de Pontevedra, que debe ser un bárbaro, suspendeuille o periódico... que é noso". E non saí do meu asombro. Entramos no despacho do Ministro e eu calado coma un peto. Sen dicir nada Martínez Anido empezou a marcar no teléfono e póñeno co Gobernador: Olga Gobernador, xa sei que suspendeu a publicación dun periódico... de contraorde agora mesmo". Colga e acabouse a cuestión. Vinímonos de volta. Verdaderamente eran cousas increíbles.

E cal era a actitude do EPG a respeito desa crise?

O EPG estaba coa ditadura, pésie a que era xa de Portela e non podía facer nada. Portela parece que tiña intención de falar comigo para comprar el o periódico.

En troques, cando veu a República en efecto, chegou a campaña do primeiro Estatuto e fixo el. Fun precisamente eu quen dirixiu o asunto, facendo as editoriais e todo o demais.

"Galicia" no seu momento foi todo un acontecemento, mesmo no aspecto gráfico...

A xente acostumouse a ler un periódico independente. Aquí había o precedente do "Sol" de Madrid, que saíra 4 ou 5 anos antes e chegou a ser quizá o mellor periódico de Europa. Cando saíu "Galicia" houbo tamén un episodio. Ao dono convencérono para que a axencia en Madrid fose Mencheta. A mesma que tiña o "Faro". Era unha axencia anárquica. Cando me decatei díxome que precisábase unha fonte de información máis áxil, máis actual, máis vibrante e metida no país e tiña que ser "Fe-bus", que era o do "Sol": Manuel Aznar, Félix Lorenzo, Vicente Saracho, Valentín Laiseaca... case todos bascos, e que facían moi ben as cousas. Até aquel momento colaboraba con eles Castela que se incorporou ao "Galicia".

Hai tres elementos na composición dun periódico diario que coído son fundamentais. Un é o editorial. Pensei que un diario que renúncia a el, renúncia á maior potencialidade de opinión que está implícita na publicación dun periódico. O editorial cumpre unha misión da que a xente non se dá conta: suministrar a opinión que sobre os sucesos políticos pode soste- por conta propia o resto do día. Hai aí unha especie de economía do pensar que serve aos que non son pensar, que son, desgraciadamente, moitos. Cando se acostuman á literatura dun xornalista rematan por pensar coma el, e iso é moito mellor que non pensar nada, porque se o xornalista ten criterio, e sabe o seu oficio e ten altura sempre lle infundirá ideas progresivas, liberais e de acordo coa indole do xornal.

Outra característica é a caricatura. A caricatura é un latigazo, algo de moito efecto que debe ter un xornal sempre, e que o "Galicia" tiña en portada. A caricatura de Castela xa lle daba ao periódico un nivel extraordinario.

Unha terceira condición debe ser un artigo humorístico. Cómpre que o teña na primeira ou noutra —nós pensábase na primeira porque era planas moi grandes. Hai unha anécdota a respecto disto. Aínda que ás veces eu facía algunhas, pero sen ser sección, mentres estivo de redactor-xefe —foi o que máis durou nese posto— Roberto Blanco Torres, el era o encargado. A censura moitas veces tachábalas. Lembrouse de que fora seminarista e escribire un "Entre Paréntesis" —era o título da súa sección— en latín. Ao día seguinte un irmán seu, que era cura de San Benito de Lores, perto de Sanxenxo, buscoume unha máis e díxome, "mira, non lle deixes escribir en latín a Roberto porque está escoiando a lingua do Lazio".

Blanco Torres que firmaba Frai Roblan-to...

Ás veces si, efectivamente. Fusilárono, ao igual que a Lustrés Rivas. Aos dous redactores xefes matáronos.

Blanco Torres retárase con Fernández Mato. Non era este un home do galeguismo?

Fernández Mato parecía home non moi firme nas ideas. Escribía ben, aínda que un pouco retorcista.

Desde a altura da Ditadura de Primo de Rivera e da República vese a importancia que ten o xornalismo de opinión, do editorial que vostede falaba, pero resulta pouco concebible que cincuenta anos despois os xornais da Galiza non tivesen opinión

UN DIÁRIO QUE RENÚNCIA AO EDITORIAL RENÚNCIA Á MAIOR POTENCIALIDADE DE OPINIÓN QUE ESTÁ IMPLÍCITA NA PUBLICACIÓN DUN PERIÓDICO

ESTASE FACENDO UNHA INXUSTÍCIA NON HOMENAXEANDO AOS XORNALISTAS QUE MORRERON PRECISAMENTE POR SELO: BLANCO TORRES, LUSTRES RIVAS, QUINTANILLA...

PENSO QUE A HISTÓRIA HAI QUE COÑECELA. CANTO MÁIS OBXECTIVAMENTE MELLOR E OBXECTIVIDADE EMPEZA POR SER REALIDADE

A DISCREPANCIA DE CASTELAO CO GALEGUISMO DO INTERIOR É CERTA. TEÑO UNHA CARTA QUE LLE DIRIXIU CASTELAO A PIÑEIRO EN QUE LLE DI UNHAS COUSAS TREMENDAS

O PARTIDO GALEGUISTA NON PUDO ACTUAR NA CLANDESTINIDADE PORQUE A XENTE DO GRUPO GALAXIA NON QUIXO

como sucede hoxe, aínda que si teñan por omisión...

Ou a teñen ao xeito de cada un, pois son libres de escoller e practicar a súa propia opinión. Profesionalízase a neutralidade, o desentenderse das cousas, o non exercer a censura moral e política no senso nobre da función. O caso da "Voz" non o coñecemos tan antigo porque antes liase moi pouco en Pontevedra, pero aínda hoxe non ten editoriais. Supoño que é porque non teñen esa evidencia que temos outros de entender o xornalismo doutra maneira, supoñen que hai tamén colida para esa posición neutral, e a maioría dos xornais galegos encaxáronse nese modelo de non ser nunca tribuna de opinión. Pensei que iso merma as posibilidades de arraigo. A proba é que o "The Times", "El Sol", "El País", todos os grandes xornais fanse a base de editoriais.

Había naquel tempo moitos periódicos

Aquí chegou haber "La Concordia" pola tarde; "Faro", "El Pueblo Gallego" e "Galicia" pola mañá... que é moito. Había un semanario moi popular que se titulaba "La Ráfaga", que era dun tipo chamado O Champá que cultivaba un xornalismo un pouco inxurioso... A xente lía ao parecer máis que hoxe.

Pero parece incomprendible que hoxe calquer opinión que disinta é aínda máis incómoda que naquel tempo, pois aínda saía un xornal como o que vostede dirixía, que era independente, liberal e que, con atrancos, tivo un período de vida, pero hoxe quizá xa non fose posíbel unha aventura como "Galicia"...

Posíbel sería, pero fai falta xente. Naquel tempo con moita economía de medios a respecto de hoxe facíanse cousas, pois o público non era tan existente. Hoxe fai falta unha equipa forte e polo menos fan falta tres elementos de bandeira na redacción para levar a dirección. Con menos non se cobre esa misión hoxe. É moito máis difícil, a pesar de que os medios mecánicos avanzaron moito, pero aínda é moi custoso.

Cando fala de lectores e de moitos periódicos, detrás de todo iso hai unha parte da sociedade, unha parte da burguesía que ten outra visión do país, outra maneira de concebir o futuro, toda esa parte da sociedade que daquela editaba e hoxe non o fai, desapareceu?

Hai que ter en conta os cuarenta anos de ditadura. Ese parentese destruíu todo o clima de inquietudes, inspirado pola lectura dos periódicos. Parece que non, pero eles son feitos que tardan en compensarse.

O periódico non foi só novidade por todas esas cousas que temos comentado, senón polo contido. Nós empezamos a publicar as páxinas literarias, empezamos coa crítica musical, había incluso un cronista obreiro que era un tan Hurtaza, comunista, e que o día que nos apresentamos Castela, Cabanillas e eu ás eleccións veu verme e díxome: "Nós temos seguros douscentos votos e son para vós se prometades que, saíndo deputados, e se se plantexa nas Cortes o recoñecemento da URSS, non votades en contra" e claro, díxennlle que aínda que non me pedise era algo de caixón.

Exercía algunha influencia directa a dirección do galeguismo nos xornais? Bóveda nun diario seu do 1933 sinala as súas chamadas indicativas a Álvarez Gallego no EPG...

Álvarez Gallego rifara con Portela, e este chamouno a min. Xerardo facía os xornais e facíalos moi ben, porque era un gran xornalista. Portela chamouno e pedíume que fixese os editoriais e había que facer a campaña do Estatuto. Eu estaba en contacto con Bóveda e Castela e eles non tiñan necesidade de tomar unha posición activa nin porque xa sabían que se facía todo o que conviner.

A campaña fíxose a base de editoriais e doutros artigos. Naquel momento EPG era o mellor periódico da Galiza e era o de máis circulación.

Había unha gacetilla do EPG falando das agresións aos rapaces que o vocabanos...

Non sei... Lembrou unha vez que viu Gil Robles dar un mitin no Odeón. Era eu editorialista do EPG e ocorréuseme facer unha sección humorística co asunto da súa chegada. Saíume afortunada polos resultados que despois se comprobaron. Titúlase "Saúdo a José María", e tombábelo o pelo desde a primeira liña. Pensei que non mo perdonou nunca. Recibín moitas felicitacións e incluso a de Blas Agra, que era redactor-xefe do "Faro". Ao día seguinte publiqué outro titulado "Adios a José María" e seguíalle criticando. Iso foi antes das eleccións do 1934. Tropecéime unha vez con Gil Robles en Portugal, no Gran Hotel do Porto, e apresentáronme no hall —el estaba destrinado en Portugal— saudéino e quedei coa idea, pola frialdade que amosou, que aínda lembraba aquel episodio.

Varios xornalistas teñen morto violentamente entre os que traballaron no "Galicia", Blanco Torres, Quintanilla, Lustrés Ri-

vas, Francisco Pita...

Teño falado con algúns amigos diso, e estase comentando unha inxusticia gorda no facendo un acto de simpatía ou homenaxe aos xornalistas que morreron precisamente por se-lo.

Desde a Asociación de Prensa fíxose unha proposta ao Concello de Vigo para que lle fíxese unha homenaxe a Blanco Torres e a Lustrés Rivas, e o alcalde non estaba en desacordo, pero parece que algunhas outras cousas teñen máis presa.

Pois penso que hai que reparar esa inxusticia.

E tamén a Heráclio Botana que non era estritamente xornalista...

Era impresor aínda que algo escribía. El era irmán de Portela Valladares, unha estu-penda persoa. Era un patriarca do obrerismo, unha especie de Pablo Iglesias de menor talla, pero...

Aquí houbo moitos episodios, despois coa guerra, non se tiveron certa intervención. Por exemplo o de Xosé Núñez Búa, que era vice-presidente da Deputación e era moi amigo meu. O caso é que veu para Vigo e o día que saíron as tropas á rúa marchouse a falar para a radio chamando a opor resistencia e falou até a unha ou dúas da tarde. Saíu da emisora, que estaba na Porta do Sol, e marchou para a súa casa en Colón. Xa había mortos na rúa e alí fixeran unha escabechina. Cando a redada de Botana, Waldo Gil, Arbones e todos aqueles metéron no alío a Núñez Búa. Pola mandadeira da cadea, á que xa coñecía, enviou recado dicíndome que se non conseguía de Besada —o dono da súa casa— e de Santiago Montenegro —dono da emisora— que declarasen que deixara de falar antes das doce da mañá, cando saíron ás tropas á rúa, "a miña sorte non ten solución". Chamei a estes dous amigos e pedíndilles ese favor aínda faltando á verdade. Esa testemuña salvouno.

Naquel período, do 18 de Xullo ao 13 de Setembro en que tiven que marchar destrinado a Verín, pasaron unha chea de cousas, entre elas que a fins de Agosto aparecéronme dous curmáns de Castela. Só me coñecían a min en Vigo. Leveínos a unha pequena casa que tiña alugada en García Barón a Illa Couto, Ramiro. Vifan de cando en vez polo meu despacho a saber como ían as cousas, pero cando ocorreu o meu desterro non tiven tempo a conectar con eles. Liáronse con outros fuxidos e tramaron unha escapada nun barco de pesca. Apoderáronse dun, o bou "Eva", e propuxéronse saír para o estranxeiro. Xuramentáronse a que se eran descubertos pagábase un tiro, e así foi, porque algún os delatou. Empezáronlles a asulagar o barco cunha mangueria e cando tiñan a auga ao pescozo matáronse todos, que eran uns dez ou once.

Podíamos contar moitas cousas porque realmente teño unha biografía moi contenciosa...

...e un corazón sospetoso.

...mandáronme a Verín e alí aquilo era un foco de fanáticos e tiven que baraxarme e saírme de milagre.

Valentín Paz Andrade nármanos as peripécias dramáticas daquela época e un posterior traslado a Riqueixo de Queixa, nunhas durísimas condicións. Voltando ao fio da conversa...

Vendo a guerra á luz de cincuenta anos, parece que hai un interese moi grande en que, cando menos, non se teña presente e mesmo nen se coñeza o que aconteceu naquel período, como ve esa actitude?

Pensei que a historia hai que coñecela. Canto máis obxectivamente mellor e obxectividade empeza por ser realidade. Pero é tan disparatado o que ocorreu na España, que naturalmente, hai xente que lle gustaría tapalo. A min gostárame que non tivese ocorrido, pero tapalo non creo que sexa unha actitude defendíbel porque se non se dá a verdade aliméntase unha ficción, que pode ser peor que a realidade e sobretodo que non é a verdade.

O que pasa é que a xente vai morrendo, os testemuños "de visu" van desaparecendo, hai poucos que escriban con obxectividade e con certa valoración do que se fai. De todas formas eu que vivín, por desgracia, aquel período en forma bastante activa doume conta de que iso só podería pasar nun país de pouca cultura e de sentimentos primitivos, sentimentos que só estaban cando o clima é propicio para que estalen e aquí foíno e dunha maneira desorbitada.

Hoxe non sería posíbel?

Hoxe non sería posíbel... pensamos nós. Temos que pensar así.

Pero como vostede dicía "o que non lembra a historia está condenado a repetirse"?

Claro, claro. Pódese recair no mesmo pecado de maneira que é realmente unha previsión razoábel que a xente coñeza o que non debe facer e tamén o que debe facer.

No seu libro "La marginación de Galicia" ten un epígrafe ao comezo dun capítulo, dun autor alemán que di "O pasado é o



Xan Carballeda

espello do presente e... o presente o mon-
tón de fracasos do pasado", porén a xeración
súa non foi un fracaso, apesar da guerra,
da ditadura, non se transmitiu parte
daquela experiencia histórica e daquela
aprendizaxe?

Cuarenta anos a borrar o pasado son
moitos anos, aparte de que a ditadura ce-
deu un pouco afinal, cando xa case non
tiña resortes. Estes fenómenos históricos
as veces viven de inercia, e o franquismo
tivo uns anos de inercia. Quer dicir, que
se se tivese empuxado teríase desmorona-
do. Franco excedeu na duración porque
realmente non houbo unha oposición mili-
tante, problema que o favoreceu, pero que
os nosos exiliados non comprenderon.
Esta é unha cuestión moi importante. Eu
fixen, penso que no ano 46, unha viaxe a
París e atopéime aínda con moitos exilia-
dos, entre eles don Xosé Calviño que era
socialista e que penso que aínda vive. El
era moi amigo de Largo Caballero, de
Aranjuez. Expúxenlle a miña idea de
que a actitude de non ir a España os exilia-
dos que podían, sobretudo despois da
guerra, era un erro. Indicáballe que aquela
abstención alongaba a vivencia de Franco.
Dixeme "ten vostede razón. Lévoa dicindo
eu desde hai moito tempo pero non topo
resposta ou é contraria. A proba é que o
falei con Aranjuez moitas veces e di
que non".

Pero por primeira vez na historia a mag-
nitude da represión desvalizou totalmen-
te a oposición e ficou mesmo como mode-
lo histórico, para o que se fixo despois, por
exemplo, en Chile ou Argentina. Quer di-
cer, a selección, o peinado da poboación
total.

De todas maneiras isto foi unha metásta-
se de Alemaña que foron quen realmente
endureceron a guerra. Aquí entraron os
alemáns co seu paso de ganso e a suas
brigadas. Estaba non só Hitler senón Him-
mler, que era un sátrapa feroz, e foi culpá-
bel do que se seguiu aquí. Ao principio foi
un modelo fascista totalmente.

Ái no ano 1948 ou 49 puido terse remata-
do a se reacción exterior fose máis inteli-
xente. Non foi, claro, culpa dos nosos exi-
liados, senón dos propios aliados, da In-
glaterra, da Francia, da Alemaña Federal...
Se tivese habido un movemento de apoio
efectivo aos nosos exiliados por parte de
estes estados isto teríase descomposto en-
seguida, pois aquí a xente estaba facendo
maletas para marchar. Pero non o viron os
aliados, non Churchill...

Que contactos había co interior, coa
xente que non se exilara?

Había fora unha posición subestimatada
da España. Non nos daban categoría. Nen
Inglaterra, nen Francia nen quen manda-
ban na Europa non tampouco os Estados
Unidos, claro. Aparte de que Estados Uni-
dos tiña unha militancia exterior fronte a
Rusia pero non fronte ás ditaduras que
non sexan a Rusia. A de España, se os
EEUU quixeran, teríase desvalizado rapida-
mente, pero esta xente tiña medo de que
fose un salto no vaxante, que non houbo
así forzas dabondo para a rexencia do
país e realmente, desde o punto de vista
deleis, explicase pero non se xustifica. Foi
unha grande falta de visión, pois o fran-
quismo, ou calquer ditadura, non podía

durar máis do que durou, porque desapa-
receu o ditador e non deixou sucesión al-
gunha.

Podía comentar algo sobre o que sería a
transmisión da herencia do nacionalismo,
do galeguismo, de antes da guerra e des-
pois. Como aquí volve a reaparecer e
como hai unha certa exclusivización ou
apropiación dese herdo desde unha posi-
ción de dereitas?

Penso que de dereitas e de esquerdas. Se
ollamos friamente o que realmente paou,
foi a única ideoloxía que moveu este país
neste período de tempo, desde primeiros
de século até hoxe e se difundiu na Galiza.
Para ben ou para mal non houbo outra e
todos se botaron enriba dela. Os mesmos
socialistas que antes do 36 eran abertame-
nte contrarios, neste período consideraron
que era a bandeira a tremolar...

...pero refírome a unha herencia que se-
guía no exilio...

O que penso é que ese galeguismo hoxe
está resultando un pouco mutilado. Non
acompaña á elaboración que debe ter a
doutrina galeguista co que pasou na Espa-
ña. Está un pouco desfasada desta monar-
quía para acá. Voume explicar.

Examinando friamente o problema ac-
tual temos unha autonomía mediatizada,
sen dúbida. E unha autonomía de coexisten-
cia co centralismo e esa autonomía de coexisten-
cia a nengunha nacionalista lle
pode satisfacer, non pode admitila. Aquí
consérvanse os gobernos civís, que son
embaxadas directas do centralismo, con-
sérvese un gobernador para todas as pro-
vincias, consérvase as Deputacións, os
autónomos non reciben máis auto-
nomía da que tiñan, penso que iso hai que
retificar e darlle á autonomía outro con-
tido que non ten, no que as estruturas do
centralismo desaparezan. Non sei se até o
punto de eliminar radicalmente as Deputa-
cións ou transformalas, iso sería outra
cuestión, pero o que non pode existir é
unha estrutura centralista dentro doutra
autonomista. Pero diso eu vexo que non
se escribe, nen se pensa, nen se fai am-
biente. A máis tardar, terá que se plante-
ar.

O Estatuto do 36 tiña unha institución
que era moito máis democrática e funcio-
nal de que a de hoxe. Era que o Presidente
do Goberno galego elixíase, non polos
partidos, senón por todo o corpo electoral,
por votación directa. Isto é moi importante,
porque entón escollíase ao home máis ca-
paz e ademais ao home que puidese exer-
cer funcións moderadoras, funcións de alta
condución política.

Arredor do Presidente actual da Xunta
hai unha serie de galeguistas que viviron
o tempo anterior e que hoxe din no cen-
tenario de Castela, que "se Castela vivise
aprobaría todo isto", e iso está por aí pu-
blicado...

A quen te refires? Penso que desgra-
ciadamente non iso. Coido que este home
non ten nengunha galeguista ao seu lado.
Non sei se Piñeiro e algún máis...

De todas maneiras hai unha crise de fi-
guras e valores, explicable polos cuarenta
anos de opresión pero que son un obstá-
culo grande para que as cousas marchen.

Nos anos 30 non había tanta confusión



Paz Andrade no carcere de Vigo no 1923.
aparente entre galeguistas e non galeguistas.

Estaban máis definidos os contornos de
cada partido. Os socialistas, por exemplo,
non eran galeguistas, non se lle podía falar
diso e ao resto tampouco. As cousas viñen
así e chegámonos a esta situación se
quise dun pensamento elaborado pre-
viamente, senón pola forza das circunstan-
cias, das posicións que se foron adoptan-
do, algunhas pouco meditadas. Ademais
houbo xente que tampouco... que sei eu...
que non se conduciu como era de esperar
que se conduciu.

Toda a súa xeración dá unha sensación
de homoxeneidade, non mostra fisuras
cara fóra, unha serie de cuestión funda-
mentais, pero na práctica vense diferenzas
moi notorias na forma de conducirse po-
liticamente...

Realmente esa diferenciación ten duas
partes. A primeira foi cando Castela
marchou para Extremadura, por unha re-
presalía política de Emiliano Iglesias. Nese
punto surtiu o que se chamou Dereita Ga-
leguista que foron uns elementos como
Figueira Valverde, hai quen di que Risco
—aínda que non está claro— Martínez Tis-
car, Xosé Sesto e algúns máis. Pero cando
a campaña do Estatuto vólvese a favor,
e aínda así saíron cousas nos periódicos e
Castela tiño que facer declaracións, que
están na colección de A NOSA TERRA,
contra estes elementos. Foi o único amago
de cisma que tivo o galeguismo e xa con
carácter formal.

Piñeiro naquel tempo non contaba, de-
bía ser novo. Estaba en xugo e presidía
unha xuventude do PG. Despois empezou
a ter intervencións, incluso cando nomea-
ron a Castela, Ministro da República.

Castela estaba en Buenos Aires no ano

1940, e no 42 ou 43 apareceu unha tar-
de Piñeiro no Hotel Gran Vía, en Madrid, e
estivo unha tarde enteira dicíndome que ía
a París a falar con Giral para que nomease
a Castela ministro. Dixenlle que me collía
de sorpresa e pensaba que había que me-
ditalo, porque non tiña seguridade de que
fose un acerto. Pero el estaba tan obstina-
do que non se lle podía razonar nada para
o caso. Aos poucos días marchou para
Francia, pero sen tomar precaucións, paré-
ce-me, pois dous ou tres elementos da Fa-
lanxe daí descubríronlle as intencións e
acompañárono á Francia desde Hendaya.
Aínda que iso tivo consecuencias contra
Piñeiro xa que á volta metérono na cadea.

—Ao chegar a París presentouse a Giral e
este parece que non se convenceu. Entón
foi visitar a Irujo, a quen coñecía moito e
foi senador comigo. Irujo quería moito a
Castela, pesa a que aínda rifaron en Bos
Aires, e este encárgase de convencer a
Giral para o nomeamento.

Castela emprendeu viaxe para voltar,
desgraciadamente, ferido irreversibelmén-
te. Perdeu un ano aí porque en América fa-
cíaa moito labor e tiña unha xente que o se-
guía, unha xente que daba cartos cando
había que dalos, e que editaba libros, facía
cousas, e ese ano perdeu coa súa mar-
cha e a súa enfermidade.

Castela, politicamente, non era un
home demasiado formado e houbo certos
momentos nos que se inspiraba nos ami-
gos. Houbo un tempo en que fun eu, outro
Boveda, pero xa ao desconectarse tivo el
que operar pola súa conta, como era un
home moi lúcido en xeral penso que se de-
fendeu bastante ben, con bastantes acer-
tos e en Bos Aires fixo moito labor, aparte
do prestixio que gañou e autenticamente
merecia.

E esas discrepancias das que se ten fal-
do que tiña con Piñeiro en canto este re-
presentaba ao galeguismo do interior?

Esa discrepancia é certa. Eu teño aí unha
carta de lle dirixiu Castela a Piñeiro. Non
a Piñeiro pero si a un nome suposto que
era Piñeiro e dílle unhas cousas verdadei-
ramente tremendas.

Non sei se Piñeiro se movía por conta
própria. Había outro tipo, un tal Prá, ou
algo así, que era de Ribadeo e vivía en Bar-
celona, e chegaron a pór en entredito a po-
lítica de Castela alá.

Castela nesa carta, que é unha carta
inspiradísima, ponos a parir. Parece que lle
querían tomar contas do que facía, e non
había ninguén con autoridade para pedirlle
contas, e se houbo sería unha organiza-
ción, sería o Partido... pero estes torpeda-
ron o Partido Galeguista. Aquí o Partido
Galeguista non puido actuar na clandestini-
dade porque estes caballeros non quixe-
ron, non só Piñeiro, senón todos os do gru-
po Galaxia. Aquí veu durante este tempo
Ramón Baltar, irmán do cirurxano Baltar, de
Compostela, e quixo reorganizar as cou-
sas. Con dous que falou foi comigo e dixen-
lle que estaba disposto a que houboese diá-
logo e nos entendésemos todos, "eu estou
na mesma liña de sempre, díxenlle, pero
estes señores a min téñenme á marxe de
todo incluso da propia Galaxia". Pesie a
que eu era un dos principais accionistas.
Constituíron Galaxia prescindindo de min
en absoluto e nun momento en que eu non
estaba aquí. Cando me convidou por pri-
meira vez o Centro Galego de Bos Aires a
dar alí unha serie de conferencias, foi can-
do constituíron Galaxia. O caso é que eu
naturalmente non puden intervir aí nen fa-
cer mais nada.

Eu vin que xa iso era unha especie de
fisura, de cisma que se trabala aí, e non
llo atopaba, nen lle atopéi nunca, explica-
ción; pero eles esa cousa praticárona deli-
beradamente. Antes de vir Baltar, aí polo
55, chegara xa Colmeiro que era moi am-
igo meu pero tamén deles. Con Colmeiro
xa se despacharon a gosto. Para min que
temeron que, despois de morto Castela,
eu lame levantar coa xefatura puramente
teórica, cousa que é absurda porque non
había lugar nen esa foi a miña intención.
De todas as maneiras toda solución era
sempre mellor que non facer nada pero,
por exemplo, chegouse a que cando empa-
zaron as reunións da Xunta Democrática
non apareceron por nengunha parte nen
quiseron saber nada. Fun eu que tivei que
marchar a París ou a onde fose, custándome
as viaxes e as estancias, e tiráronme o
pasaporte e a meu fillo por ter os mes-
mos apelidos, e eles non asomaron por
nengures. E iso foi un erro tremendo deles
e do cando de inutilizar o Partido.

Por que cre que foi todo iso

Por falta de visión, non por maldade.
Non sei se por antipatía persoal comigo,
aínda que iso sexa aparencia, porque se-
guen sendo amigos meus e nunca me de-
mostraron o contrario. Hai unha política
de facerme unha especie de bloqueio cul-
tural. Facíase un número de homenaxe a
Otero Pedrayo e non se me pedía colabo-
ración pesie a que sabían da miña intimi-
dade con Otero; facíase outro a Cuevillas
e tampouco... e outros moitos que se fi-
xeron. Só unha vez que Grial dedicou un
número a Castela vin que reproducían un
artigo meu xa publicado a raíz da súa morte,

publicado non me lembro onde, un pe-
queno ensaio titulado "Castela con Pon-
tevedra ao fondo". Vin que o metéron nese
número e espontaneamente Paco del Riego
dixome que o incluíran. Pero noutros
números, non xa do Grial, mesmo de edi-
cións especiais, algunhas dedicadas sobre-
todo a Castela, Otero e Risco, para eses
non se tivo conta de que eu puidese facer
algunhas cousas.

Essas son debilidades humanas. O pior
de todo iso é que todo iso trouxo a des-
trucción do Partido Galeguista, que tivo un
papel histórico e que tería evitado moitas
cousas. Esa cegueira deles foi tremenda.

Non sei a quen botarlle a culpa dese fe-
nómeno, porque desde logo iso non foi in-
iciativa nen de Paco del Riego, aínda que
a seguía cega e irreflexivamente, nen do Illa,
nen penso que, inicialmente, de Piñeiro.
Mais ben penso que de Sabell. Que foi
unha falta de instinto político de Sabell.
Desde logo a Sabell foron eles quen o me-
tieron ao galeguismo e levárono á Aca-
demia Galega. A Sabell servírono cegamente.

O propio Sabell ten unha posición po-
lítica preponderante...

Proporcionáronlles eles. Quizá eles non
pensaron niso, pero Sabell é un home con
facultades e que sabe aproveitar as cou-
sas...

Cando a súa intervención en Trasalba na
entrega do Premio Otero Pedrayo vostede
falaba en presenza entre outros, de García
Sabell, dos gobernadores Civís... un pouco
alí había unha defensa da identidade na-
cional da Galiza fronte a unha política que
a atacaba.

Certo. E o único que protestou do que
eu dixen foi Sabell. Ouviño, aínda que el
pensa que non. Coincidira con aquela sen-
tencia sobre o idioma do Tribunal Con-
stitucional e tiña que facelo. Era a primeira
vez que falaba en público nun lugar como
aquele, era un premio que me daban e tiña
que facelo. Ou estar calado ou despois
dunha bofetada como supuña aquela sen-
tencia, que despois foi tamén a senten-
cia doutro tribunal, tiña que reaccionar. Fal-
laria ao meu deber moral, aparte do inter-
és político que puidese ter a cousa. Dinme
conta de que o protestase polo baixo e Tal-
l tamén se decatou, pesie a que non lle
din importancia a esa protesta.

Documentación do galeguismo histórico
que dá unha idea cabal da súa xénese e
evolución, segue en facerse pública, non
ve preciso que iso saia á luz?

Non penso que ningún moi interese esa
documentación que apareceu en Pontevedra,
porque me ofenderon unha mostra
dela e eran inscricións formais, de peti-
ción de instancias do Partido.

Por certo que ao partido puxéralle un
nome. O que utilizábase era de Partido
Nacionalista Galego, pero estaba en auxe
Hitler e para evitar confusións antes de re-
matar a Asambleas de Constitución do Par-
tido, dixen que non sabía se non sería me-
llor mudar o título porque había xente que
se botaba atrás no do nacionalismo por ser
naquel intre unha marca fascista na Euro-
pa. Propuxen entón o nome de Partido Ga-
leguista e quedou así.

Ao pouco tempo houbo unha comida
de homenaxe a Castela e despois fomos
todos ao Café Moderno. Otero subíase
a unha mesa e empezou a botar un dis-
curso de glorio ao porco, un discurso maravi-
lloso. Toda aquela oratoria e forza lírica de
Don Ramón... Ocorreu que todos, xa algo
alegres, acompañámonos a Castela e indo
por Michelena pasamos diante de Telegra-
fos. Vexo que dous dos nosos amigos,
Xoaquín Maquieira e outro, suben as esca-
leiras e pónense a redactar un telegrama
pedindo a independencia da Galiza para
enviar ao Goberno Central, e que o telegra-
ma non llo quer retransmitir. "Ustedes es-
tán locos", dícelles. Ante as protestas e
como non sabían por onde saír di "ademais
non ten firma"; "iso pónselle", "e quen fir-
ma?", retrucou: "Jorge Manrique", díxen-
lle eu. "Pois moi ben, mandáronlo en-
tón". No interin veu a policía e a máis se-
guite tivemos que ir onde o Goberno, que
era un cotidiano, e que nos recibeu e
nos dixo de entrada "non se preocupe,
non vai pasar nada, pomos unha 'multa'
e máis nada, ao firmante do telegrama". E
dixolle eu "pero mire vostede, e que o tele-
grama firmábase Jorge Manrique", e di o
gobernador: "pois moi ben, home, pois a
Jorge Manrique". Ou seiva que Jorge Ma-
nrique foi multado moitos séculos despois
de morto polo Gobernador de Pontevedra
por pedir a independencia da Galiza.

A conversa aínda puido seguir polo fio
que a infadigable forza e unha memo-
ria que produce asombro en calquer inter-
locutor, leva Valentín Paz Andrade. Pero
nos seus libros, na lembranza colectiva da
Galiza, fican xa para facer honra á obxecti-
vidade que, como el nos di, empeza por
ser realidade e "se non se di a verdade ali-
mentase unha ficción, que pode ser peor
que a realidade e que, sobretudo, non é
verdade".

GUSTAVO LUCA DE TENA
XAN CARBALLA